

Plácido Álvarez Dobaño na súa condición de voceiro do Grupo Popular na Deputación Provincial de Ourense, con base no previsto nos artigos 91 e 97 do ROF, e de acordo á Lei de bases reguladora do réxime local e o Regulamento da Corporación, presenta **MOCIÓN PARA SOLICITAR DO GOBERNO DE ESPAÑA QUE OURENSE, EN RIÓS, ACOLLA O CENTRO NACIONAL DE REFERENCIA PARA O CASTAÑO**, para o seu debate en pleno, de acordo á seguinte

A castaña foi sempre un produto básico na economía de moitas familias do noso medio rural. Esa mesma castaña, dende Ourense, por si mesma ou transformada nas súas máis variadas posibilidades, chega mesmo ata os emerxentes mercados asiáticos para vestir as mellores mesas.

O Estudio “PROMERCADO”, elaborado polo INORDE, tendo en conta o Plan Ourense 92 de xestión e estratexia operativa desta Deputación para desenvolver e valorizar produtos endóxenos, pon en valor a importancia do castaño e do seu froito como eixo estratéxico de desenvolvemento dada a potencialidade do noso territorio. Nese completo estudio fálase da industria da transformación, das características de calidade das nosas castañas, da desinfección e dos procesos de secado e pelado... mesmo da súa comercialización e do movemento asociativo sen descoidar o desenvolvemento sostible doutras actividades asociadas ao cultivo do castaño como os pequenos froitos, as plantas medicinais e aromáticas, as setas ou a apicultura.

Temos coñecemento da futura creación dun Centro de Referencia da Castaña por parte do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, decisión que consideramos debe materializarse na nosa provincia, e sinaladamente en Riós, por razóns que a aconsellan tendo en conta o labor feito durante as últimas décadas a prol deste sector coa Deputación de Ourense apostando de xeito indubidable nesa liña de traballo:

- En Riós contamos cunhas instalacións axeitadas para acollela sede nacional do Centro de Referencia da Castaña, e posibles ampliacións, no xa en funcionamento “Centro de Desenvolvemento Agroforestal”.
- Riós atópase no corazón dun territorio dominado pola paisaxe do souto e que destaca na produción de castaña tanto polo volume actual producido como pola calidade do mesmo, sendo o berce das variedades máis apreciadas tanto para consumo en fresco como para a súa utilización na industria transformadora.
- Xeograficamente existen boas comunicacións por autoestrada tanto co Resto de Galicia como coa meseta e co Norte de Portugal.
- En Riós atópanse tamén outras instalacións e elementos de interese tanto materiais como inmateriais: Centro de Interpretación da Castaña en Trasestrada, Ruta Europea da Castaña, Festa da Castaña e do Cogomelo, Campo de Traballo Internacional de restauración de soutos...

Existen tamén razóns sociais, culturais e etnográficas que consolidan a Ourense como o territorio que debe albergar ese centro: A nosa festa do San Martiño, caracterízase polo magosto como celebración gastronómica e coa castaña como protagonista fundamental.

En España non existe un centro de referencia para o froito do castaño. Isto significa que as distintas variedades de castaña non están recoñecidas oficialmente nin inscritas no correspondente rexistro de variedades comerciais.

A Oficina Española de Variedades Vexetais regula a inclusión no Rexistro de Variedades Comerciais e Protexidas, facéndose necesario a existencia dun centro de referencia do Castaño para o procedemento de inscrición de variedades nese rexistro.

En virtude do exposto, propoñemos ao Pleno da Deputación a adopción do seguinte

ACORDO:

- 1- Solicitar ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente do Goberno de España que decida a creación do CENTRO DE REFERENCIA PARA O CASTAÑO e a súa localización en Riós, Provincia de Ourense.
- 2- Remitir copia deste acordo ao Presidente da Xunta de Galicia

Ourense, 15 de xullo de 2016

Plácido Alvarez Dobaño

AO PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE